

## **ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ESPECIALISTA EN AUDICIÓN E LINGUAXE PARA LEVAR A CABO AO LONGO DESTA CUARENTENA DO COVID-19**

Ola a tod@s:

Antes de nada espero que esteades todos/as ben e que estes levando isto o mellor posible.

A semana pasada fun publicando enlaces e actividades que poderían seguir traballando na casa todo o alumnado que recibe sesións de Audición e Linguaxe. Ditas actividades estaban pensadas e programadas para realizarse ata o vindeiro 27 de marzo, tendo en conta o número de sesións que recibe cada alumno/a á semana.

Asi mesmo, e en vista de que isto se vai prolongar ata mediados de abril, elaborei unha serie de actividades as cales están adecuadas para que todo o alumnado, que recibe sesións de Audición e Linguaxe, poida realizalas sen dificultade. Non obstante, cada neno/a terá que adaptar as mesmas ao seu ritmo e nivel.

As actividades están pensadas e programadas para levarse a cabo ao longo do segundo e terceiro trimestre, polo que non fai falta que “corrades” a facelas todas, xa que cando todo isto acabe e volvamos ás clases presenciais, volveremos a retomalas todas para verificar o seu grao de consecución e execución das mesmas, xa que a verificación persoal e o “feedback” co alumnado é fundamental para seguir avanzando na adquisición de competencias, así que con calma, vale?, o importante é que disfruten mentres as fan, que sexa divertido, que sexan conscientes do que están a facer e, sobre todo, que as fagan o máis autónomamente posible.

A continuación propoño micro tarefas, actividades e exercicios onde se favoreza o desenvolvemento e mellora da forma, contido e uso da linguaxe oral e a planificación, textualización e revisión do proceso lectoescritor, así como os prerequisites previos necesarios para o desenvolvemento de ambas linguaxes.

**Todas as actividades/micro tarefas ou exercicios están elaboradas de xeito que o traballo resulte flexible e atendendo as necesidades do alumnado. O ritmo das sesións, como xa indiquei, será marcado polas alumnas/os. As**

tarefas deberán realizarse de xeito autónomo na medida do posible, xa que o obxectivo principal das mesmas é favorecer a súa autonomía persoal.

## ACTIVIDADE DE ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL

### DAR E SEGUIR INSTRUCCIÓNS

Na linguaxe oral é habitual dirixirse a outras persoas empregando termos inespecíficos.

*“O chisme que empregaches para facer iso está aí tirado, gárdao no seu sitio”*

Sen embargo, esta simplificación non é recomendable se o que queremos e estimular a linguaxe dos nenos e nenas. Hai que procurar empregar unha **linguaxe variada, con vocabulario específico, xa que favorece a aprendizaxe de vocabulario, o uso de adxectivos, adverbios, etc. e a correcta estruturacións das oracións.**

*“O molde que empregaches para facer o gato de plastilina está tirado debaixo da mesa, gárdao na caixa e pona na estante do teu cuarto”.*

O material que vos presento a continuación, creado por Belinda Haro (mestra de audición e linguaxe) serve para dar e seguir instrucións e podédelo atopar no seu blog:

<http://siembraestrellas.blogspot.com/search/label/daryseguirinstrucciones>

Neste enlace atoparedes os taboleiros e pezas imprimibles.

### **¿COMO SE XOGA?**

Unha persoa ten un taboleiro en branco cunha escena e un personaxes o obxectos que debe colocar nela seguindo as instrucións doutra persoa, que é a que ten a imaxe da escena final. É importante que a persoa que ten que poñer as pezas non vexa a escena final. As instrucións deben ser dadas falando, sen sinalar. Para facelo

pode usar como referencia os elementos da escena.

No enlace atoparedes distintas escenas para que podades escoller a que máis se adapte aos vosos gustos:

### **¿PREFIRES NON TER QUE IMPRIMIR?**

Crea un escenario cos xoguetes que teñades e xogade a colocar obxectos e bonecos nese escenario. Cando o teñades listo sacade unha foto co móbil ou tablet. Esta foto serviravos como modelo para dar as instrucións máis adiante.

### **¿GÚSTANVOSO AS MANUALIDADES?**

Crede os voso propios escenarios, debuxade e recortade as vosas persoaxes e obxectos.

### **¿SODES MÁIS DE ARTES ESCÉNICAS?**

O escenario é a vosa casa e as persoaxes seredes vós. Que un membro da familia (o directos de escena) vaia colocando aos outros dándolles instrucións verbais. Unha vantaxe desta alternativa é que podedes incluír accións. O mellor, que pode incluír a toda a familia. Se sacades unha foto ao escenario final teredes ademais un recordo deste momento tan singular que nos tocou vivir.

## **ACTIVIDADES PARA A ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE “TODO O QUE SEI”**


A seguinte actividade está pensada para traballar o **vocabulario e o acceso ao léxico**, especialmente para aqueles nenos e nenas que teñen problemas para acordarse das palabras, que empregan frecuentemente *palabras omnibus* (cousa, chisme, iso...), que deixan frases a medias (“o outro día fomos a... con papá e paseino moi ben”), que dan rodeos ao falar porque lles falta unha palabra ou que parecen ter sempre a palabra na *punta da lingua*.

A actividade consiste es **escoller unha imaxe e dicir todo o que sabemos sobre**

**o que nela aparece.** Fixarnos en todo o que se pode percibir polos sentidos: vista (color, forma...), oído (fai algún son? como é?), gusto (doce, salgado, picante, desagradable, delicioso...), tacto (rugoso, frío, suave, duro...), olfacto (afroitado, forte, noxento...). Buscar termos cos que garde algunha relación, palabras do campo semántico (froita, roupa, cidade, emocións...), sinónimos e antónimos, parecidos, asociacións. Podemos dicir as sensacións que nos transmite, que recordos nos trae...

A idea é **buscar o maior número posible de relacións** entre o que aparece na imaxe e outras palabras. Deste xeito cando precisamos recordar unha palabra concreta o noso cerebro teña moitas **vías de acceso** a ela. E se aínda así non pode, polo menos dispón de vocabulario suficiente para poder explicala.

**Vermella por dentro, verde claro e verde escuro por fóra, redonda e pesada, ten sementes, o seu sabor é doce, delicioso, parece un balón, é unha froita, cómese en verán, medra nunha planta, é refrescante e zumarenta, pódese comer en macedonia, facer un zume baténdoa no batedor, a papá gústalle moito pero o avó di que é noxenta, gotea se a mordes, é unha froita tropical como a piña, parécese ao melón pero é máis vermella por dentro e máis redonda, cómprase na froitería e no supermercado, precísase un coitelo para cortala, ten un olor agradable, a súa pel é grosa e áspera...**



## ¿QUÉ IMAXES ESCOLLEMOS?

Calquera! podedes empregar **imaxes sinxelas** como a do exemplo, **fotos** familiares, **ilustracións** de contos, incluso **obxectos** reais, **persoas**, **mascotas**. O que teñades máis a man.

## ¿GAMIFICÁMOLO?

Para facer a actividade máis divertida pódense dar **puntos** (ou fabas, pezas dun puzzle...) por cada palabra a cada participante ou facelo **cooperativo** e intentar superar a puntuación obtida con cada nova imaxe.

## ¿XA SODES UNS EXPERTOS E EXPERTAS?

Xogade á **adiviñas!** Unha persoa vai dando as pistas (palabras ou oracións que garden relación coa que se busca) e as demais teñen que adiviñar de que palabra se trata, como se fose un cerebro rebuscando no almacén léxico!

### *PARA OS MÁIS MAIORES*

Podedes recoller por escrito a **chuvia de ideas** en papeliños pequenos, despois **clasificar** en grupos en función do que falen (aspecto, características, orixe, recordos...) e, finalmente, poñelo **por escrito** ben organizado. Ao final corentena teredes o vosa propia **enciclopedia!**

## ACTIVIDADE DE ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL

### MEMORIA SECUENCIAL AUDITIVA

As actividades que se presentan a continuación están pensadas para traballar a memoria secuencial auditiva, é dicir, a capacidade de recordar as palabras oídas na orde en que se oíron. Esta capacidade é moi importante no desenvolvemento da linguaxe, xa que nos permite a comprensión oral fundamentalmente. Pero tamén porque permite aprender palabras novas e reproducilas de xeito adecuado, articulando os fonemas na orde correcta.

## ¿COMO SE PODE TRABALLAR A MEMORIA SECUENCIAL AUDITIVA?

Podemos empregar multitude de actividades e materiais para facelo, o importante é que a mensaxe sexa soamente oral, sen imaxes ou outros apoios visuais. Empezaremos con dúas palabras coñecidas polo neno ou nena e aumentaremos a dificultade aumentando o número de palabras. Podemos cos máis maiores empregar palabras que non sexan de uso común, por exemplo, termos máis técnicos (botánica, hematoma, dirixible...) ou con sílabas.

En calquera caso o procedemento será sempre o mesmo:

Escoitar as palabras > repetir o que oíron > comprobar/felicitar

No caso de usar soporte visual (imaxes, obxectos...):

Escoitar as palabras > repetir o que oíron (sen apoio visual) > ver o soporte visual e colocalo na orde axeitada > comprobar/felicitar.

\*A escoita e repetición das palabras debe ser sempre sen apoio visual, para evitar que interfira a memoria visual.

**ACTIVIDADES CON MÚSICA** A aprendizaxe dunha canción é un bo xeito de adestrar a memoria secuencia auditiva.

Cancións onde unha voz principal que canta o verso e a voz secundaria ten que repetilo como “*Voy en busca de un león*”, ou cancións acumulativas como “*Estando a mora no seu lugar*” e “*A princesa do Caurel*” son exemplos de cancións que adestran a atención e a memoria auditiva.

### ACTIVIDADE CON MATERIAL INTERACTIVO

Na seguinte ligazón atoparedes material interactivo (power point) para traballar a memoria secuencial auditiva. O material está elaborado en castelán.

Para descargalo seguíde as instrucións da páxina para escoller o formato adecuado ao voso pc/tablet.

<http://siembraestrellas.blogspot.com/2018/10/trabajamos-memoria-auditiva.html>

<http://siembraestrellas.blogspot.com/2018/10/trabajamos-memoria-auditiva-2.html>

## Importante:

**PROGRAMA COMUNICARNOS** 

<http://siembraestrellas.blogspot.com/>

**IMPORTANTE**



- PPT: ipad
- PPS: prácticamente cualquier ordenador
- PPSX O PPTX: Android



**LINUX, UBUNTU...** Trabajar on line desde One drive



- Usar pdfs impresos
- Material en ficha



## ACTIVIDADES CON IMAXES/OBXECTOS

Para facer a actividade máis motivadora para os máis pequeno podedes empregar apoios visuais. Recordade que solo os poden ver despois de repetir as palabras.

Imaxes: podedes empregar imaxes sacadas de revistas ou folletos publicitarios, debuxos realizados por vós ou polos nenos/as, fotografías...

Obxectos reais: calquera obxecto que teña cun tamaño axeitado a idade do neno/a pode valer: alimentos, xoguetes, roupa...

Se os tedes por duplicado, podedes facer a secuencia e escondela para revelala ao final e comparar se acertaron.

Por exemplo: indicacións para preparar unha espetada de froitas:

A: "kiwi, plátano, amorodo, laranxa"

B: "kiwi, plátano, amorodo, laranxa"

Dánselle os ingredientes e B monta a espetada. Despois comparase coa espetada de A para ver se son iguais.



## TODOS SOMOS SUPERHEROES E HEROÍNAS

Con esta actividade traballarase moitos aspectos relacionados coa escrita , entre outros, como: (planificación, textualización e revisión)

📄 📁 📄 📁 📄 📁 📄 📁 📄 📁

Ola a todas e todos! Nestes tempos de ficar na casa, que vos parece se xogamos ás superheroínas e aos superheroes?

É moi sinxelo! Fíxate nestes pasos:

- 1.- Debúxate sendo superheroína ou superheroe. Busca un nome xeitoso e pensa ben na roupa que levarás. Non esquezas a túa capa!
- 2.- Pensa e escribe cales son os teus poderes (podes pensar en cousas que axuden aos adultos cos que estás: poñer a mesa, recoller o cuarto, xogar sen molestar aos pais que traballan na casa...)
- 3.- Colga o debuxo cos teus superpoderes no corredor, na porta da túa habitación ou mesmo na fiestra para que todo o mundo saiba da túa valía!!!





**BINGO DE SÍLABAS/FONEMAS.** Durante a mesma reforzase o vocabulario, a articulación, discriminación auditiva, conciencia fonológica...  
([www.siembraestrellas.blogspot.com](http://www.siembraestrellas.blogspot.com))



Neste tipo de xogos se reforza a conciencia fonológica e a adquisición de novo vocabulario (xa que se pode xogar de xeito oral ou con refozo visual facilitado).

\_ **XOGAR ÁS PALABRAS ENCADEADAS.**

\_ **XOGAR AO VEXO VEXO...** Palabras que comezan por...


\_ **XOGOS CON PAOS** para mellorar a estrutura sintáctica a nivel escrito/oral/ conciencia léxica:



## Receita favorita:

Podes escribir unha ...




# receita





Obxectivo:  
explicar como  
facer algo.

**Bocado de manteiga de cacahuete**


Ingredientes e utensilios:


- 2 rebandas de pan 
- manteiga de cacahuete 
- mermelada de arandos 

- coitelo 


- prato 


**Pasos:**


1  Primeiro, pon as dúas rebandas de pan enriba do prato.

2  A continuación, usa o coitelo para untar a manteiga de cacahuete nunha rebanda de pan.

**Bocado de manteiga de cacahuete**

3  Teroeiro, usa o coitelo para untar a mermelada de arandos na outra rebanda de pan.

4  Despois, pon as dúas rebandas de pan xuntas (coa manteiga tocando a mermelada).

5  Finalmente, colle o teu bocado, cómeo e disfrútao.

## Unha receita inclúe:

- \* a comida, o postre ou a bebida que se vai facer
- \* materiais e ingredientes necesarios
- \* instrucións en forma de pasos
- \* palabras de transición
- \* fotografías

Planificar un texto a partir dunha idea, redundar no proceso de textualización e revisión, ampliar vocabulario...

O alumnado deberá presentar a súa receita favorita. Aqueles/as que teñan posibilidade de ilustralo con fotos ou videos poden tamén facelo pero todos/as deberán presentalo igualmente por escrito. Ademais o alumnado ao que se lle dirixe este tipo de tarefas poden usar organizadores visuais xa traballados con anterioridade.

Deberá ter a seguinte estrutura:

1. Ingredientes.
2. Utensilios para su elaboración.
3. Elaboración (paso por paso).
4. Resultado final. (foto ou debuxo).

**Obxectivos da actividade:**

- . Planificar un texto a partir dunha idea.
- . Ampliar vocabulario.
- . Redundar no proceso de redacción.

**Plano da miña habitación (1 sesión):** Deste xeito o alumnado poderá Redundar nos conceptos espaciais básicos (esquerda-dereita, arriba-abaixo, preto-lonxe...), utilizar os conceptos temporais básicos, ampliación de vocabulario, Practicar a elaboración de textos...

Nesta actividade o alumnado ten que debuxar e logo explicar por escrito o camiño dende a súa vivenda ata o centro educativo. Na primeira parte da mesma levarase a cabo o debuxo ( pode haber varios intentos e pode ser no tamaño de papel que o alumnado considere e, aquel que poida, pode facelo en 3D).

Na **segunda parte da tarefa** (2 sesións); o alumnado terá que explicar por escrito o camiño debuxado. Para isto terá en conta tendo os xiros, as direccións e o medio de transporte utilizado. Tamén deberá determinar o tempo que lle leva facer o traxecto e se é o mesmo tempo de ida que de volta.

**Obxectivos da actividade:**

- Redundar nos conceptos espaciais básicos (esquerda-dereita, arriba-abaixo, preto-lonxe...)
- Utilizar os conceptos temporais básicos.
- Practicar a elaboración de textos de xeito autónomo.
- Aplicar as regras básicas de ortografía xa coñecidas.
- Utilizar a regra.
- Practicar o debuxo dun plano dunha realidade coñecida.
- Aplicar regras de conceptos espaciais básicos.

**O meu xogo de mesa.** (6 sesións)

Esta actividade está deseñada para realizar durante 6 sesións de apoio (50 minutos cada unha). Pero o tempo sempre é flexible.

O alumno deberá inventar un xogo de mesa que ten que incluír: Taboleiro (do material que teña disponible na casa: cartulina, papel, cartón...), fichas, un mínimo de dous dados e regras de xogo. Tamén poderá incluír todo aquilo que se considere necesario para o desenvolvemento do xogo (preguntas, pezas, cartas...)

Terá que elaborar as normas de xogo (preferiblemente sen axuda) e comprobar que é posible xogar. Para iso terá que explicar de xeito claro en que consiste e cal é o obxectivo do mesmo.

**Obxectivos da actividade:**

- . Redundar no texto instructivo.
- . Fomentar a creatividade e o xogo en grupo.
- . Respectar as normas de xogo.
- . Valorar o coñecemento matemático nas actividades lúdicas.
- . Practicar o cálculo mental con operación sinxelas.

## **Explica como se xoga a...** ( 2 sesións)

Nesta actividade deberá elixirse un xogo coñecido previamente (Damas, Parchís, Oca, Xadrez, cartas...)e explicar como se xoga a través dun texto. Non se trata de escribir as instrucións do mesmo senón explicar de xeito sinxelo e coherente o xeito de xogar para que outra persoa que non coñece o xogo entenda como se procede.

### **Obxectivos da actividade:**

- . Planificar un texto escrito.
- . Utilizar de xeito correcto os tempos verbais, coherencia expositiva, concordancias, plurais...
- . Ampliar vocabulario.
- . Aplicar regras básicas de ortografía.

## **Carta ao meu “eu” futuro.** (1 sesión)

O alumnado terá que escribir con formato de carta (data, apertura, corpo, despedida e firma)ao seu “eu” futuro para contarlle como se sinte agora e as cousas importantes que está aprendendo das que non se quere esquecer.

Pódense incluír aspectos como a canción que es´ta soando agora, a película de moda ou a roupa que se leva.

É importante que a alumnado realice a tarefa o máis independentemente que sexa posible.

### **Obxectivos da actividade:**

- . Traballar o formato de carta.
- . Repasar ortografía básica e caligrafía.
- . Practicar a escritura en folio.
- . Valorar o paso do tempo e as aprendizaxes feitas.
- . Redundar no concepto temporal de futuro.

## **Calendario de abril.**( 3 sesións)

Esta actividade pode realizarse ao comezo do mes de abril. O alumnado terá que coller o calendario e contestar as seguintes preguntas:

- . Qué día da semana comeza o mes?
- . Cantas semanas ten Abril?
- . Cantos días?
- . Por que os días 9 e 10 están en vermello?
- . Cantos domingos hai neste mes?
- . Se estamos no día 4 e o meu aniversario é o día 13, cantos días faltan?
- . Indica que días son mércores neste mes.
- . Se a Primavera comeza o 20 de Marzo, que día de abril fará un mes que comezou?
- . Que día da semana será o 1 de Maio?
- . Pinta de amarelo todos os luns do mes.
- . Se eu marcho de vacacións o día 4 e volto o 11, cantos días estiven fora?
- . Se ti vas de viaxe o día 3 e voltas o 8, cantos días coincidimos os dous fora da casa?
- . Cantos días de vacacións estivemos en total?
- . Cantos meses ten o ano?

### **Obxectivos da actividade:**

- . Redundar nos conceptos temporais de mes, ano e día.
- . Recordar as estacións do ano.
- . Resolver pequenos problemas da vida diaria en relación co calendario e as datas do mesmo.

## **ENLACES WEB**

A continuación déixovos unha serie de enlaces nos que podedes practicar destrezas de xeito lúdico e adaptando o nivel a cada alumna/o.

- [www.elsonidodelahierbaalcrecer.blogspot.com](http://www.elsonidodelahierbaalcrecer.blogspot.com)

- [www.merakilogpedia.com](http://www.merakilogpedia.com)
- <http://www.arasaac.org/materiales.php>
- <https://blogsaverroes.juntadeandalucia.es/maestra-sal/>
- <https://www.aulapt.org>
- <http://eloymoreno.com/producto/cuentos-para-que-darse-en-casa>
- <http://aulasgalegas.org/category/primaria-2ocurso/>

Asi mesmo, tedes máis enlaces de interese na primeira publicación que subimos tanto a especialista de Pedagogía Terapéutica como a especialista de Audición e Linguaxe.

Espero e desexo que esteades tod@s ben.

Moito ánimo!!

Sandra ;-)

(Especialista en Audición e Linguaxe).